

Resolución do 29 de agosto de 2023 do tribunal designado para cualificar a proba de coñecemento da lingua galega de procesos selectivos extraordinarios de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

En sesión que tivo lugar o 29 de agosto de 2023 o tribunal nomeado pola Resolución do 20 de xullo de 2023 para cualificar a proba de coñecemento da lingua galega de todos os procesos selectivos extraordinarios de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para a redución da temporalidade no emprego público (DOG núm. 141, do 26.07.2023),

#### ACORDOU

De conformidade co disposto na base II da convocatoria, publicar os seguintes parámetros para a cualificación da proba de coñecemento da lingua galega, en desenvolvemento dos criterios de valoración previstos na convocatoria.

#### CUESTIÓN DE CARÁCTER XERAL ESTABLECIDAS NAS BASES DA CONVOCATORIA

A proba consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de corenta (40) preguntas tipo test, con catro (4) respostas alternativas das cales só unha (1) delas será a correcta, máis tres (3) de reserva, mediante o cal se evidencie o coñecemento da lingua galega.

O exercicio terá unha duración de sesenta (60) minutos.

Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

#### DETERMINACIÓN DE SUPERACIÓN DA PROBA

Este exercicio valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto. Será preciso acadar un mínimo de vinte (20) respostas correctas para acadar a cualificación de apto.

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2023  
O presidente do Tribunal  
Adrián Vázquez Espasandín